



XUNTA
DE GALICIA

CENTRO PÚBLICO
INTEGRADO de
COVA TERREÑA

Rúa Dolores Agrelo, s/n
C.P. 36300 Baiona
Tlf.: 886 12 00 01
Mail: cpi.cova.terrena@edu.xunta.es
<http://edu.xunta.ga/centros/cpicovaterrena>



Tomando como referencia a Lei 3/2018 do 5 de decembro, de protección de datos; as NOFC do noso centro educativo; a Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025 e a ORDE do 4 de xaneiro do 2024 que desenvolve "O Protocolo para o uso de teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos na Comunidade Autónoma de Galicia", xunto co Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro que desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación, recolle:

- a) "Prohíbese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos e non lectivos". Considéranse aos efectos deste protocolo como períodos non lectivos os seguintes: as entradas e saídas, o tempo de recreo, de comedor escolar e os períodos dedicados ao desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares.
- b) "Os centros poderán establecer excepcionalmente normas para a correcta utilización dos dispositivos indicados como ferramenta pedagóxica, supervisada polo profesorado".
- c) "Exceptuarase desta restrición o emprego proporcionado e razoable dos dispositivos por cuestións de oportunidade ou necesidade, médicas ou de outra índole, sempre e cando o motivo estea xustificado da maneira que se considere en cada caso atendidas as circunstancias, e así sexa autorizado pola dirección do centro, ou, de non ser isto posible, polo profesorado".
- d) "No caso de incumprir esta norma, o dispositivo será requisado e custodiado pola xefatura de estudos e terá que ser retirado polo responsable do alumnado infractor. No caso do alumnado maior de idade, entregaráselle ao finalizar a xornada escolar".

COMPROMISO

O/A alumno/a..... foi sancionado/a coa retirada do seu dispositivo móbil por un uso desaxeitado do mesmo na contorna escolar.

Eu D/Dña.....pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a, fágome responsable da recollida de dito dispositivo e comprométome a evitar calquera incidente futuro que o seu uso en horario lectivo poida ocasionar.
Baiona, __ de _____ de 202__